

Regulamento do proceso piloto de Orzamentos Participativos 2009. Concello de Ferrol.

A participación cidadá: eixe central da planificación municipal

O contexto da situación económica actual ligada aos graves problemas financeiros que as administracións locais veñen arrastrando desde hai tempo fan máis necesaria a asignación eficiente de recursos públicos e a satisfacción das necesidades reais e prioritarias para a poboación. A posta en marcha dun proceso de Orzamentos Participativos (OP) pretende dar saída a estas demandas.

O principio sustentador dos Orzamentos Participativos é a Democracia Participativa, a través da cal a cidadanía ten dereito a participar no deseño, implementación e avaliación das políticas municipais. Non se trata de actuar só en base a criterios técnicos ou ritmos administrativos senón de adecuarse ás necesidades e obxectivos da cidadanía en base ao diálogo permanente. O Orzamento como o instrumento por excelencia de calquera planificación das políticas locais desde unha óptica participativa, promove a creación de capacidades colectivas para a xestión do desenvolvemento local, promovendo unha cidadanía protagonista e activa dos acontecementos do seu concello.

Os OP supoñen, ao tempo, un mecanismo útil para a promoción das condicións económicas, sociais, ambientais e culturais que melloren as condicións de vida da poboación e fortalezan as bases para o seu desenvolvemento.

Principios fundamentais do OP.

- **Participación:** promoción da participación cidadá no deseño e seguimento do proceso dos OP.
- **Transparencia:** deseño das canles de comunicación e información necesarios dos asuntos públicos e colectivos que se deciden e executan.
- **Igualdade de oportunidades:** fomento da participación cidadá de todos os colectivos sociais, con especial referencia ás mulleres, menores e grupos en risco de exclusión.
- **Tolerancia:** recoñecemento e respecto da diversidade de opinións e visións, como elemento para a construción de consenso a través do diálogo.
- **Eficacia e eficiencia:** optimización dos recursos orzamentarios.
- **Corresponsabilidade:** entre actores públicos, privados e sociais na identificación de potencialidades e solución dos problemas.
- **Solidariedade:** dispoñibilidade de asumir os problemas dos outros como propios, construindo un proxecto común e en beneficio do conxunto da cidadanía.
- **Respecto aos acordos:** a participación cidadá fundaméntase no compromiso de levar adiante, por parte de todos os actores, as decisións concertadas.

Capítulo I: obxectivo do regulamento dos OP

1.1. O presente regulamento será a norma que rexerá o proceso piloto de participación nos OP do Concello de Ferrol durante o ano fiscal 2009 para as parroquias de Doniños, San Xurxo, no rural, e os barrios de San Pablo de Catabois, Santa Mariña e San Xoán de Filgueira -O Bertón, no ámbito urbano.

1.2. O regulamento dos OP para o ano 2009 permite contar cunha ordenación das pautas de relacións sociais e cuns criterios de actuación comúns a todas as persoas participantes.

1.3. A citada norma rexerá os ámbitos centrais do desenvolvemento do proceso de elaboración dos OP do ano 2009: a capacitación, o persoal técnico ao servizo do orzamento participativo, a comunicación e divulgación, o proceso de participación a través dos espazos e órganos, así como as persoas que poden participar e súas responsabilidades.

Capítulo II: o alcance territorial

2.1. Establécese como ámbito territorial de elaboración dos OP para o ano 2009 as parroquias de Doniños-San Xurxo e os barrios de San Pablo de Catabois, Santa Mariña e San Xoán de Filgueira-O Bertón.

2.2. Enténdese, polo tanto, que a aplicación do presente regulamento é aplicable só para os barrios e parroquias e ano citado no artigo 2.1.

Capítulo III: partida orzamentaria

3.1 A partida orzamentaria destinada para o desenvolvemento do proceso, ao longo do ano 2009, ascende á cantidade de 350.000 euros, repartida dunha maneira orientativa de 210.000 € para a zona urbana e 140.000 € para a zona rural. Esta partida amplíase a 2 millóns de euros en 2010.

3.2 Os gastos derivados do desenvolvemento do proceso de OP, incluído o plan de comunicación e a formación dos participantes, así como calquera outro que se derive cara un mellor éxito do proceso, non serán imputables á partida orzamentaria obxecto de decisión.

Capítulo IV: a diagnose do territorio e propostas de actuación

4.1. O OP conterá, como mínimo, unha diagnose do territorio que identifique e priorice, na primeira Asamblea de Barrio, as necesidades e problemas máis relevantes. A proposta de priorización servirá de orientación á Mesa de Propostas para a ordenación dos proxectos.

4.2. As propostas de actuación teñen que ser formuladas en consonancia coa diagnose e perseguindo o desenvolvemento sostible dos barrios e do conxunto do concello.

4.3. As propostas deben gardar certa correlación coas capacidades e a viabilidade técnica e orzamentaria.

3

Capacitación

Capítulo V: a formación

5.1 A administración local, como entidade promotora, garantirá a formación para un mellor desenvolvemento do proceso participativo nos orzamentos.

5.2 A formación impartida ao longo do proceso buscará unha mellor capacitación das persoas que conforman os órganos de traballo.

5.3 A capacitación será obrigatoria para aqueles axentes ou persoas con responsabilidades na dinamización e seguimento: axentes motores do proceso (Grupo Motor), membros da Oficina Técnica e do Equipo Técnico do proceso de elaboración dos OP.

5.4. A capacitación terá como obxecto aportar ferramentas metodolóxicas, técnicas e legais para o desempeño das funcións e responsabilidades dos seus membros, así como de garantir o cumprimento dos obxectivos e finalidades establecidas. Para tal efecto, establécense as seguintes áreas:

- ◆ xestión municipal e democracia participativa,
- ◆ xestión do orzamento municipal,
- ◆ orzamentos participativos: orixes, principios e obxectivos, contraste de experiencias,
- ◆ dinámicas participativas e de comunicación: xestión dos espazos de decisión nos OP.

4

O Equipo Técnico

Capítulo VI: funcións

6.1. O equipo técnico é o responsable de brindar o soporte técnico ao conxunto do proceso dos OP, así como o de presentar o documento técnico coas propostas resultantes dos espazos de participación social. Ademais terá como acometidos principais:

- ◆ Asesoría e apoio á organización e execución das diferentes fases ou momentos do proceso do OP.

- ◆ Preparar e presentar aos participantes a relación de proxectos e accións que superaron a avaliación técnica.
- ◆ Sistematizar a información e elaborar os instrumentos técnicos e normativos que o OP requira.
- ◆ Asistencia técnica permanente na toma de decisións dos e das participantes.
- ◆ Formación e capacitación.

Capítulo VII: composición

7.1. O equipo técnico estará conformado polo persoal técnico asociado á área de Participación Cidadá do Concello de Ferrol.

5

A información e divulgación

Capítulo VIII: espazos e canles de información

8.1. O Concello de Ferrol promoverá a realización de charlas-talleres a celebrar no ámbito territorial da zona rural e no ámbito territorial da zona urbana obxecto da intervención dos OP para o ano 2009 coa finalidade de:

- ◆ Presentar a campaña de comunicación social para a elaboración dos OP para o ano 2009.
- ◆ Poñer en coñecemento dos seus habitantes a proposta de elaboración e presentación do proceso de OP en cada zona.
- ◆ Presentación dunha proposta dun regulamento de participación nos OP para Doniños-San Xurxo e de San Pablo de Catabois, Santa Mariña e San Xoán de Filgueira-O Bertón.

8.2. O concello promoverá a elaboración dun Plan de Comunicación Social que garantice:

- unha información clara e concisa das actuacións, momentos e resultados producidos ao longo do proceso de participación.
- motivar a participación social e a súa implicación no desenvolvemento do proceso.
- unha maior visibilidade do proceso e que dea conta da súa evolución.
- facilitar ás persoas participantes toda a información necesaria para conseguir unha maior calidade na participación no proceso de elaboración dos OP.

8.3. O Concello aproveitará as canles de comunicación e información entre a institución municipal e a cidadanía para a difusión do proceso.

8.4. O Concello facilitará toda a información que considere precisa sobre os proxectos en curso e futuras planificacións nos barrios obxecto de intervención identificando, no seu caso, os prazos previstos de execución e/ou finalización co obxectivo de operativizar a presentación de propostas cidadás, evitando posibles duplicidades respecto da planificación municipal.

Capítulo IX: a participación cidadá

- 9.1. A participación é individual e directa, polo que non é válida a representación en nome de entidades ou persoas.
- 9.2. Teñen dereito a participar, con voz e voto, todas aquelas persoas que formen parte do **Rexistro de participantes**.
- 9.3. Teñen dereito a participar con voz pero sen voto: o persoal técnico do proceso, persoas expertas que pola súa relevancia ou interese podan ser invitados a participar en temas específicos e membros das forzas políticas con representación municipal.
- 9.4. Poden participar todas persoas que teñan unha idade mínima de 16 anos.
- 9.5. Para promover unha maior seguridade do proceso de participación nos diferentes espazos de traballo, o Equipo Técnico requirirá a identificación das persoas participantes.

Capítulo X: o rexistro de participantes

- 10.1. A inscrición para a participación, nos espazos decisorios, realizarase a través do Rexistro dos OP. A tal efecto as persoas participantes cubrirán un formulario de inscrición dirixido ao responsable do Departamento de Participación Cidadá. Dito formulario estará accesible na páxina web do concello e/ou nos espazos habilitados en cada un dos barrios de intervención para a presentación de propostas (art. 27.1). Ao tempo, poderase recoller a inscrición de participantes, co seu consentimento, a través de segundas persoas e/ou entidades
- 10.2. Poden inscribirse no Rexistro de participantes as persoas que acrediten estar **empadroadas no municipio, con domicilio nos barrios e parroquias** obxecto dos OP. Tamén poderán inscribirse e exercer o seu dereito a voto as persoas que, sen estar empadroadas no concello, cumpran as seguintes condicións:
- ◆ persoas **propietarias** dunha vivenda, local ou terreo nalgún dos barrios obxecto da intervención. No seu caso deberá presentar copia do IBI.
 - ◆ persoas que exerzan a súa **actividade laboral** como propietarias ou socias dun negocio. Acreditando a alta de actividade laboral.
 - ◆ persoas empregadas e que desenvolven o seu traballo en empresas ou negocios que teñen a sede ou domicilio social, con carácter fixo, nalgún dos barrios seleccionados. Presentando a cabeceira da nómina.

No caso de darse algún destes supostos, poderá acreditar dita situación a través da presentación dos documentos que considere (copia do IBI, xustificante de alta na actividade, copia da cabeceira da nómina, etc) ou calquera outro que xustifique a súa situación.

- 10.3. As persoas participantes que o fagan en representación da Asemblea nas

Mesas de propostas, deberán ademais atender ás seguintes cuestións:

- ◆ A Asemblea identificará ás persoas titulares e persoas suplentes nunha ficha que se incorpora ao Rexistro de participantes (pódense nomear ata dúas persoas que poderán asistir ás xuntanzas da Mesa, con dereito a voz pero sen dereito a voto).
- ◆ Cando as persoas representantes titulares renuncien ou cesen na súa responsabilidade, esta será asumida polas persoas suplentes, segundo a orde establecida. Dito cese será comunicado ao Equipo Técnico quen lle corresponderá informar aos novos titulares, e asegurarse de facilitarlles a información e material necesario para o desempeño da súa función.
- ◆ Se a persoa representante escusa a súa asistencia por causa xustificada, deberá poñerse en contacto co Equipo Técnico para que nomee aos suplentes, garantindo o acceso ao material e información necesaria para o desempeño da súa labor.

10.4. No mes de setembro abíranse os prazos iniciais para a inscrición no rexistro de participantes. Dito prazo será, como mínimo, de 8 días hábiles. Unha vez rematado o procedemento de inscrición, os responsables do Departamento de Participación cidadá publicarán nos lugares identificados dos barrios e no Departamento de Participación Cidadá o listado provisional. O período de reclamación será de 3 días hábiles contado a partir do día seguinte á da publicación. Vencido o prazo, nos 4 días seguintes, mediante resolución de Alcaldía, aprobarase a relación de participantes acreditados para participar, inicialmente, no proceso de elaboración dos OP. O listado publicarase novamente nos lugares de celebración das asembleas e nos espazos identificados dos barrios.

10.5. As persoas que cumpran os requisitos e que estando interesadas en participar no proceso non estean inscritas no rexistro ao seu inicio, poderán facelo durante a fase de presentación de propostas tal e como sinala o artigo 26.1 do presente regulamento.

Capítulo XI: sobre os órganos de participación

11.1. Os órganos de participación teñen a misión de identificar ás necesidades territoriais e sociais, e as súas eventuais solucións desde a propia perspectiva dos cidadáns e ademais van permitir ao Equipo Técnico coñecer a realidade do barrio. Os órganos de participación divídense en:

- **Grupo Motor**
- **Asembleas**
- **Mesa de propostas**
- **Oficina Técnica do OP**

Capítulo XII: sobre as funcións do Grupo Motor

12.1. As principais acometidos do Grupo Motor serán:

- a) Aprobar e ratificar o regulamento dos OP.
- a) dinamizar e promover a participación das asociacións e da cidadanía en xeral
- b) realizar e participar en actividades formativas e informativas
- c) canalizar suxestións e necesidades do barrio.
- d) apoiar a preparación e o desenvolvemento das asembleas de barrio
- e) apoiar a difusión das convocatorias
- f) propoñer temas a incluír na orde do día
- g) manter os contactos necesarios co tecido social e cidadanía do barrio.
- h) participar na coordinación das asembleas e mesas de propostas.
- i) presentar unha proposta de regulamento dos OP á Asemblea.

Capítulo XIII: sobre composición ou participantes do Grupo Motor

13.1. A composición do Grupo Motor baséase no interese e motivación de persoas que teñan a capacidade e posibilidade de dinamizar os espazos de participación e de animar ao conxunto dos veciños e veciñas a implicarse no proceso dos OP.

Capítulo XIV: sobre a convocatoria e o seu funcionamento

14.1. O Grupo motor autoorganízase en relación a todas as actividades necesarias para o cumprimento das súas funcións, debéndose reunir periodicamente e contando co apoio do Equipo Técnico do OP.

14.2. O Grupo Motor reunirse con antelación ao desenvolvemento das Asembleas de Barrio.

14.3. O Grupo Motor disporá de asesoramento permanente para o desempeño das súas funcións por parte do Equipo Técnico dos OP.

14.4. O Grupo Motor disporá de toda a información e formación precisa e con antelación suficiente e durante o proceso de elaboración de OP.

Capítulo XV: sobre as funcións da Asemblea

15. As principais acometidos da Asemblea serán:

Na primeira volta: Asamblea rural (San Xurxo-Doniños) e Asamblea urbana (Santa Mariña, San Pablo e San Xoán):

- b) Definir, acordar e priorizar as principais problemáticas e necesidades do barrio.
- c) Elixir ás persoas delegadas ou representantes nas Mesas de Propostas con mandato puntual e específico.

Na segunda volta: Asamblea rural (San Xurxo-Doniños) e Asamblea urbana (Santa Mariña, San Pablo e San Xoán):

- d) Debater as propostas.
- e) Priorizar e aprobar as propostas en base ás problemáticas detectadas no diagnóstico do territorio.
- f) Definir e acordar o sistema de seguimento e control da execución das actuacións aprobadas no proceso de participación.
- g) Aquelas outras que a propia asemblea determine dentro da legalidade e cometidos do proceso de participación na elaboración dos OP.

Capítulo XVI: sobre composición ou participantes da Asemblea

16.1. As normas que rexerán a composición da Asemblea son as mesmas que se sinalan no Capítulo X do presente regulamento.

16.2. As persoas participantes na Asemblea deberán ser identificadas ao comezo de cada sesión de traballo.

Capítulo XVII: sobre a convocatoria e o seu funcionamento

17.1. En función dos barrios seleccionados conformaranse dous espazos asemblearios, un na zona de San Xurxo e Doniños e outro na zona de San Pablo de Catabois, Santa Mariña e San Xoán de Filgueira-O Bertón.

17.2. As Asembleas estarán moderadas por unha Coordinadora, formada polos membros do Grupo Motor do barrio no que se desenvolva a Asemblea.

17.3. A Coordinadora contará, a todos os efectos de preparación e realización da asemblea, co apoio do Equipo Técnico.

17.4. As funcións da Coordinadora da Asemblea serán as de presentación da orde do día, moderación do debate, levantamento de actas, reconto de votos de propostas. Ditas funcións recaerán naquelas persoas que acorden os propios membros da Coordinadora.

17.5. As convocatorias das asembleas realizaranse por escrito cunha antelación mínima de 8 días e será realizadas polo responsable político da Área de Participación Cidadá.

17.6. A convocatoria indicará a data, hora e lugar de reunión e expresará con claridade, precisión e suficiente detalle os asuntos que compoñen a orde do día, facilitando, en cada caso polo medios máis razoables e efectivos, a documentación complementaria que contribúa a axilizar a reunión. En dita convocatoria debe especificarse cal vai ser o sistema de identificación para poder participar na asemblea.

17.7. A publicación da convocatoria debe figurar cunha antelación mínima de 8 días nos centros onde se vaian desenvolver as asembleas, nos espazos identificados dos barrios e no taboleiro do Concello.

Capítulo XVIII: sobre a función das Mesas

18.1. Estudar as propostas que se formulan para os OP, de forma que reúnan os requisitos establecidos no presente regulamento.

18.2. Ordenar as propostas segundo o seu contido e as áreas municipais a quen vaian dirixidas.

18.3. Trasladar á Oficina Técnica do OP as propostas, ordenadas en función da prioridade do seu estudo. Para establecer esta prioridade séguese o criterio de número de demandas sobre a mesma ou similar proposta, e o criterio de priorización establecido no diagnóstico (aquelas propostas que atendan a problemáticas prioritarias irán diante daquelas que atenden a problemáticas menos prioritarias).

18.4. Recibir e analizar os informes técnicos elaborados pola Oficina Técnica dos OP.

18.5. Establecer as puntuacións derivadas da aplicación dos criterios das propostas que, se facilitará ás persoas participantes nas Asembleas de priorización de cara a votación das propostas.

18.6. Elevar ás asembleas a relación definitiva de propostas, para a súa priorización.

Capítulo XIX: sobre a elección e composición dos participantes nas Mesas

19.1. Cada Mesa de propostas estará formada por unha representación de cidadáns e cidadás a título individual elixidas nas Asembleas. Cada Asemblea elixirá a un número mínimo de 10 e máximo de 20 representantes. A composición da Mesa procurará promover o equilibrio de representación dos barrios.

19.2. Para poder formar parte da Mesa as persoas deben rexerse polo disposto no Capítulo X do presente regulamento.

19.3. Nas Mesas estarán presentes con voz, pero sen voto, os membros do Equipo Técnico, técnicos municipais que formen parte da Oficina Técnica do Orzamento, e circunstancialmente, poderían estar presentes persoas que pola súa traxectoria, experiencia ou coñecemento podan asesorar para a mellora da toma de decisións.

Capítulo XX: sobre a convocatoria e o seu funcionamento

20.1 Existen dúas Mesas de Propostas, unha para a zona rural (San Xurxo-Doniños) e outra para zona urbana (San Pablo de Catabois, Santa Mariña e San Xoán de Filgueira-O Bertón), para organizar o traballo en cada barrio dunha maneira máis activa e precisa.

20.2 Constituirase unha Mesa por cada un dos dous barrios, a excepción da xuntanza preparatoria da Asemblea de priorización de propostas, onde se integrarán nunha mesma Mesa coa idea de acadar maior coherencia e visión conxunta dos proxectos.

20.3. A convocatoria farase a través do Equipo Técnico dos Orzamentos Participativos.

20.4. As sesións das Mesas serán públicas, podendo asistir todas as persoas interesadas, sen voz nin voto, dado que este recae nas persoas escollidas nas asembleas.

20.5. A convocatoria da Mesa será con 8 días de antelación e farase no taboleiro oficial municipal, así como por notificación a través de correo electrónico ou postal no caso de non dispoñer do electrónico.

20.6. A Mesa levantará acta de cada sesión de traballo, reflectindo os acordos, e no seu caso, todas aquelas cuestións que se queiran recoller a proposta de calquera dos seus membros.

20.7. As persoas participantes nas Mesas deberán ser identificadas ao comezo de cada sesión de traballo.

Capítulo XXI: sobre as funcións da Oficina

21.1. Elaboración do informe técnico que recolla os seguintes criterios avaliativos:

- viabilidade técnica: certificar que non existen impedimentos técnicos para a realización da proposta. Tamén se informará de calquera outro requisito técnico que sexa necesario para a súa viabilidade futura, e que non se contemplara na proposta.
- viabilidade xurídica: certificar que a proposta se axusta á normativa xurídica vixente.
- valoración económica das propostas, incluíndo unha estimación dos custos de mantemento.

21.2. Asesorar ao conxunto dos participantes do proceso de calquera cuestión técnica relacionada coas diferentes propostas.

21.3. Asistir a aquelas reunións onde sexan demandados ou contemplados para informar e asesorar cuestións relativas ás partidas ou propostas suxeitas a debate orzamentario.

Capítulo XXII: sobre composición ou participantes da Oficina

22.1. O concello, a través dunha resolución da Alcaldía, designará entre o seu persoal as persoas que participarán na Oficina Técnica.

22.2. Circunstancialmente poderá formar parte persoal non dependente do Concello se na área ou departamento sometido a debate non existe persoal cualificado.

22.3. De calquera maneira, o Concello deberá motivar o sentido e os acometidos de cada persoa integrantes da Oficina Técnica.

Capítulo XXIII: sobre a convocatoria e o seu funcionamento

23.1. A Oficina Técnica estará coordinada polos membros do Departamento de Participación Cidadá que poderá trasladar as seguintes demandas:

- Requerimento de información e asesoramento técnico relativo ás partidas suxeitas a debate público.
- Asistencia aos espazos de participación definidos no proceso.

23.2. O Concello facilitará á Oficina Técnica os poderes pertinentes para requirir apoio doutros técnicos municipais no cumprimento dos seus fins, a través da implicación dos responsables políticos de cada área.

Capítulo XXV: as propostas

25.1. As propostas dos proxectos a executar deberán referirse exclusivamente ás áreas municipais sometidas a debate no proceso de participación e recollidos no Artg. 29.1 do presente Regulamento.

25.2. As propostas deberán abranguer só actuacións de competencia municipal dentro dos barrios suxeitos a debate.

25.3. As propostas deberán ter viabilidade dende un punto de vista técnico, económico e xurídico.

25.4. Para o ano 2009 establécense dúas categorías diferentes de propostas: unha relativa a propostas de investimentos e mantemento e outra que fai referencia a propostas de actividades e programas.

25.5. As propostas presentadas que non sexan viables ou non se axusten aos requisitos establecidos non se someterán a debate nin serán elevadas a Asemblea. En todo caso, as propostas que queden excluídas deberán estar suficientemente motivadas, explicitando as causas polas que foron desestimadas. Estas propostas expoñeranse nos taboleiros oficiais dos espazos identificados nos barrios cunha antelación mínima de 3 días previos á celebración da Asemblea.

25.6. As propostas que finalmente se sometan a consideración da Asemblea deberán presentarse dentro do prazo establecido e previo á celebración da Mesa de Propostas para que podan ser estudadas e valoradas. En todo caso o prazo de presentación de propostas non poderá ser inferior aos 10 días.

25.7. As propostas estimadas, xunto coa información da valoración económica, expoñeranse nos taboleiros oficiais dos espazos identificados nos barrios, na Casa do Concello e na web municipal.

25.8. Todas as propostas que se sometan a estudo e debate deberán constar a identificación do(s) e da(s) proponente(s).

25.9. En ningún caso, as propostas poderán ser subvencións de carácter nominativo.

25.10. No caso de que o Pleno Municipal desestime algunha proposta deberá xustificar motivadamente a súa decisión.

Capítulo XXVI: a presentación de propostas

26.1. No caso das persoas veciñas dos barrios empadroadas e/ou que exercen nestes territorios actividade laboral ou propietarias de vivenda ou local, deberán estar inscritas no Rexistro de participantes para poder exercer o seu voto na Asamblea de priorización. No caso de que non estean inscritas poderán, no momento de facer a súa proposta, inscribirse identificándose na ficha de presentación de propostas co obxecto de cumprir os requisitos establecidos no presente regulamento relativo a condición de participante. Unha vez comprobados os datos no Rexistro, poderá asistir aos espazos e participar no proceso. No caso contrario a proposta quedará desestimada mentres non a defenda ninguén.

26.2. Todas as persoas poden facer propostas e só terán dereito a voto na Asamblea de priorización se cumpren os requisitos establecidos no presente regulamento no capítulo X.

26.3. As propostas poden ser de un ou varias persoas, identificándose cada un dos membros que fan a proposta.

26.4. Cada persoa poderá presentar ata un máximo de seis propostas, ben de forma individual ou conxunta.

26.5. Para poder realizar propostas haberá que cumprimentar unha ficha (presentando unha ficha por proposta) que se poderá recoller e entregar no Departamento de Participación Cidadá do Concello de Ferrol, na web municipal e nos espazos habilitados nos barrios, depositando a proposta nas caixas correspondentes.

26.6. Unha vez recollidas todas as propostas, a segunda reunión da Mesa poderá solicitar a presenza das persoas promotoras co fin de aclarar ou poder agrupar varias propostas.

26.7. As propostas poden ser unificadas se así o estiman as persoas proponentes antes da Asemblea de priorización.

26.8. As persoas proponentes poden rectificar as súas propostas coa finalidade de axustalas aos requisitos establecidas para as mesmas. Os prazos, lugares e procedementos para subsanar os erros estableceranse polo Equipo Técnico en función da data da Asemblea de priorización e Mesa de Proposta.

Capítulo XXVII: enderezos dos lugares habilitados para a realización de propostas para os orzamentos participativos 2009.

27.1 As propostas poderanse entregar, de forma presencial, a través das caixas habilitadas ao efecto nos seguintes espazos:

Barrios e parroquias	Enderezos
San Xoán de Filgueira-O Bertón	Local da Asociación veciñal San Xoán de Filgueira Rúa Souto, 11. San Xoán
San Pablo de Catabois	Local da Asociación veciñal San Pablo de Catabois Rúa Carballo, s/n. San Pablo
Santa Mariña	Local da Asociación veciñal Santa Mariña do Vilar O Sino. Santa Mariña
San Xurxo	Local da Asociación veciñal Río da Ponte Lugar Río da Ponte. San Xurxo
Doniños	Local da Asociación de Mulleres Rurais Lugar de Pereiro, s/n Doniños
Doniños (Valón)	Local da Asociación veciñal Cruceiro de Valón Lugar da Torre, s/n. Valón
Concello	Departamento de Participación Cidadá Praza de Armas, s/n. 1º andar.

27.2. A través da páxina web do concello: www.ferrol.es

Capítulo XXVIII: lugares e calendario do proceso de participación

28.1. Os lugares de celebración das xuntanzas de participación deben gardar as mínimas condicións de habitabilidade e accesibilidade.

28.2. Na seguinte táboa quedarán establecidos o número de xuntanzas obrigatorias, o seu contido mínimo e quen pode participar.

Xuntanza	Obxectivo	Nivel de participación
Fase preparatoria-divulgativa		
Charla informativa Doniños-San Xurxo	Divulgación do proceso.	Aberta a toda a cidadanía
Charla informativa San Pablo-Santa Mariña e San Xoán	Establecemento dos criterios de traballo	
Fase de diagnóstico		
I Asamblea Barrio Doniños-San Xurxo	Validación do Regulamento de OP.	Aberta a toda a cidadanía
I Asamblea Barrio San Pablo-Santa Mariña e San Xoán	Identificación e priorización diagnóstico. Selección participantes na Mesa de Propostas	
Xuntanza Oficina Técnica	Contraste do diagnóstico	Areas municipais
Fase de identificación de propostas		
I Mesa de Propostas Doniños-San Xurxo	Ordenación de propostas	Representantes Asamblea
I Mesa de Propostas San Pablo-Santa Mariña e San Xoán		
Oficina Técnica	Informe de viabilidade técnica	Areas municipais
II Mesa Conxunta de Propostas	Posta e común das propostas a presentar nas Asambleas	Representantes Asamblea
Fase de priorización de propostas		
II Asamblea de priorización de San Pablo-Santa Mariña e San Xoán	Priorización e elección de proxectos a executar	Aberta a toda a cidadanía
II Asamblea de priorización de Doniños-San Xurxo	Priorización e elección de proxectos a executar	Aberta a toda a cidadanía

Capítulo XIX: áreas municipais suxeitas a debate

29.1. Os conceptos abarcables refírense as diferentes áreas de xestión do concello:

- Facenda e Patrimonio, Promoción Económica e Emprego, Modernización Administrativa e Promoción Turística.
- Área de Benestar Social, Muller, Xuventude, Solidariedade. Festas.
- Área de Seguridade Cidadá e Protección Civil, Tráfico, Transporte Público, Recursos Humanos e Organización Interna.
- Área de Urbanismo, Medio Ambiente, Mobilidade e Accesibilidade.
- Área de Cultura, Educación e Universidade.
- Área de Deportes e Participación Cidadá.

Capítulo XXX : a priorización das propostas

30.1. A presentación de propostas deberá ceñirse ao modelo de ficha de propostas deseñada para o proceso.

30.2. As propostas que se presenten nas asembleas para a súa priorización irán acompañadas da ponderación referente aos criterios de estudo que se expoñen no capítulo XXXI e XXXII do presente regulamento. Isto, supón que o voto alcanzado por unha proposta se modificará á alza no caso de que concurran nela algún dos criterios que se expoñen a continuación e ata o límite dos puntos porcentuais que se indica.

30.3. A información referida aos criterios informativos da proposta será facilitada ás persoas participantes na Asemblea de priorización e previo ao momento de elección de propostas. A orde de prioridade definitiva será o resultante tras a aplicación destes criterios.

30.5. Poderase votar ata un máximo de 10 propostas sobre todas as que se presenten en cada Asemblea. O sistema de votación consiste en que cada persoa participante debe repartir o total de puntos (do 1 ao 10) entre todas as propostas, non podendo votar a mesma proposta máis dunha vez. Por exemplo, cada persoa vai ter dez papeletas ou dez posibilidades de voto coas puntuacións: 10,9,8,7,6,5,4,3,2,1 que deberá repartir entre as propostas que escolla.

Capítulo XXXI : os criterios das propostas de investimentos e mantemento.

31.1. Co fin de atender ás necesidades básicas e contribuír a unha cidade socialmente equilibrada e sostible:

- a) Pola natureza da proposta ata 20 puntos atribuídos da forma seguinte:

Puntos	Natureza da proposta
Entre 10 e 20 puntos	Se a proposta supón a atención a necesidades prioritarias non cubertas en materia de infraestructuras e equipamentos, tal e como veñen definidas na planificación municipal, ben sexa pola carencia ou por graves deficiencias das existentes.
Entre 5 e 10 puntos	Se estando cubertas as necesidades básicas na materia á que se refire a proposta, esta contribúe á calidade de vida na cidade resolvendo problemas de mal estado, perigosidade ou inaccesibilidade xeral ou para colectivos concretos de cidadáns.
Entre 0 e 5 puntos.	Se non dándose ningunha das circunstancias anteriores a proposta supón unha mellora da sostibilidade e/ou a utilidade social dos bens e espazos públicos.

b) Pola contribución da proposta a paliar o grao de abandono o u deterioro da zona obxecto de intervención, facilite a comunicación con outras zonas, a mellora da súa fisonomía urbana, do súa identidade e personalidade: ata 20 puntos.

31.2. Os puntos que se atribuirán a cada proposta en función dalgún dos criterios anteriores será determinado pola Mesa de Propostas de ambos barrios, tras consultar, se fose preciso cos proponentes, e unha vez se dispoña da información pertinente dos técnicos.

Capítulo XXXII: Os criterios para as propostas de actividades e programas.

32.1. Coa finalidade de fomentar a igualdade e contribuir a unha cidadanía participativa, solidaria e pluralista:

a) Polo colectivo a quen van dirixidas as actividades ou programas: ata 20 puntos.

Puntos	Características
5	Xénero. Que afecten equitativamente tanto a mulleres como a homes.
5	Idade: que afecten a varios sectores da poboación (infancia, xuventude, maiores).
5	Colectivos LGTB (Lesbianas, Gays, Transexuais e Bisexuais)
5	Colectivos desfavorecidos: que melloren a calidade de vida de persoas inmigrantes, paradas, minorías étnicas, etc.
5	Diversidade funcional: persoas con algunha disfuncionalidade psíquica, física e/ou sensorial.

b) Polo contido dos programas ata 20 puntos a repartir nos seguintes conceptos:

Puntos	Características
10	Por tratarse de actividades e programas comúns que afecten a máis dun barrio.
5	Por promover valores de integración, diversidade, tolerancia, interculturalidade e identidade.
5	Por favorecer a creación dun tecido cidadán autónomo, participativo e comprometido.
5	Desenvolvemento sostible e utilidade social dos bens e espazos públicos.

32.2. Os puntos que se atribuirán a cada proposta en función dos criterios anteriores serán determinados pola Mesa de Propostas tras consultar, se fose preciso, aos proponentes, e unha vez recibida a información pertinente dos técnicos.

Capítulo XXXIII: as responsabilidades das persoas participantes no proceso

33.1. Todos as persoas participantes no Grupo Motor e na Oficina Técnica de OP deberán capacitarse para comprender a lóxica de traballo do proceso piloto de OP.

33.2. Participar nas deliberacións sempre con actitudes propositivas e de respecto ás diferencias.

33.3. Asistir obrigatoriamente ás asembleas para exercer o dereito ao voto.

33.4. O persoal do Equipo Técnico actuará con responsabilidade, transparencia e dilixencia nos asuntos encomendados, podendo ser apartados do proceso por parte do Concello no caso de incumprimento das súas obrigas.

Capítulo XXXIV: sobre a perda da participación no proceso e o procedemento de sanción

34.1. Deixar de asistir aos espazos de traballo establecidos, baixo causa de forza maior (enfermidade, ...).

34.2. Manter unha actitude de falta de respecto, convivencia e promoción de escándalos públicos ou actuar en contra da comunidade.

34.3. Non se vincular formalmente aos espazos de traballo e/ou actuar en contra dos ditames acordados no presente Regulamento.

- *Primeira.* O Concello de Ferrol comprométese, unha vez rematado o proceso, a divulgar o traballo desenvolto e os resultados acadados ou propostas finais de actuación.
- *Segunda.* O Departamento de Participación Cidadá levará un Libro de Actas do proceso de participación, o cal será asinado polo responsable político da Área de Participación Cidadá e o Alcalde.
- O Departamento de Participación Cidadá recollerá todas as propostas xurdidas no debate coa cidadanía e que non formen parte das propostas finais a través dun Banco de Proxectos que estará disponible para a súa consulta pública.